

## RESUMO DA SESIÓN DO CLAUSTRO EXTRAORDINARIO DE 18 DE NOVEMBRO DE 2010

Acadado o quorum legalmente previsto, o Presidente do Claustro abre a sesión extraordinaria do Claustro ás 11:10 horas, e expón o punto único da orde do día que figura no **anexo I**, adicado ás *liñas xerais de programación plurianual e orzamentaria 2011-2013*.

Trátase de satisfacer así, segundo o Reitor, a competencia atribuída ao Claustro polo no artigo 25.j) dos Estatutos da Universidade da Coruña sobre a aprobación da planificación estratéxica e as liñas xerais da programación plurianual e orzamentaria. Esta competencia foi atribuída pola reforma dos Estatutos realizada en virtude do Decreto 194/2007, de 11 de outubro (DOG nº 201, de 17 de outubro).

O Reitor cédelle a palabra ao Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica, quen pasa a expor as liñas xerais da programación plurianual e orzamentaria 2011-2013 que figuran no Anexo a esta acta, situándoas no contexto de crise e de negociación do novo plano de financiamento das Universidades galegas no que nos movemos.

Tras a exposición do Vicerreitor, ábrese unha quenda de intervencións.

Xurxo Dopico felicita ao equipo de goberno polo traballo feito nos últimos anos, sobre todo ao ver mermado o financiamento externo. Salienta a corrección coa que son administrados os fondos dispoñibles e o mantemento das funcións fundamentais nos diferentes centros malia o recorte ao que se viu sometida a Universidade da Coruña. Dopico destaca o obxectivo de acadar o 1,5% do PIB de fondos destinados ao financiamento universitario fin malia o recorte do 5% nos orzamentos. Supón que haberá algunha explicación para a decisión da Xunta de diminuír os orzamentos para que, segundo os orzamentos actuais, esté máis preto o 0,67% do previsto 0,72%, o que convirte a UDC nunha das universidades con presupostos máis baixos.

Toma a palabra Carla Rey. O documento sobre a programación plurianual parécelle unha exposición da crúa realidade e gustaríalle que houbera máis xente presente para saber de primeira man a situación na que está a UDC. Pregúntase se os claustrais lle poden dicir que si ou que non a esa programación, non hai moitas opcións di: é o que hai, que non se pode dicir que non. Non entende que haxa unha votación sobre, por exemplo a baixada de soldo dos profesores, e se pregunta se llelo van baixar máis. Pregunta tamén até onde lles van incrementar o cómputo de actividade docente. Di que os graos supoñen ademais un incremento na docencia. Se lle preguntasen da Xunta, ela

diría que non está de acordo en que lle paguen menos, lle obriguen a traballar máis e que lle dean menos cartos para a investigación.

José Antonio Seoane, representante de alumnos de Informática, pregunta sobre a redución de ingresos polo pagamento da matrícula e, en concreto, sobre o que se cita no documento a actuar sobre as exencións de matrícula outorgadas a persoas alleas á comunidade universitaria. Inquire sobre quen vai perder esas exencións, se se trata do persoal contratado con cargo ao capítulo VI.

Intervén a seguir Alberto Ramil, da Escola Politécnica Superior, para preguntar se a futura Escola de Enxeñaría de Ferrol é un proxecto descartado ou se se vai facer *a posteriori*. Asegura que as dúas escolas de enxeñaría de Ferrol tiveron que facer os planos de estudos de grao de forma conxunta e pensando nunha posible fusión dos centros. Toda a súa planificación foi en base a esa infraestrutura, algo que non aparece reflectido na programación plurianual, pode que sexa pola falta de presuposto. Sorpréndelle que non lles dixesen nada ata o de agora porque eles sempre traballaron con esa idea dunha única escola de enxeñaría. Di que logo do 2013, cando se impartan os terceiros cursos de grao, xa parece que non tería moito sentido esa unión.

Na súa quenda, o profesor Alejandro Pazos agarda que os “subsaharianos” (sic) de investigación do capítulo VI non o sigan a ser. Estrañado tamén pola semblanza dos mundo de “Yupi” que, ao seu entender, se perfilou na intervención do profesor Dopico, entende que unha institución de ensino público ten que gastar todo o que ten e, se pode, algo máis. Non hai que aforrar, senón investir para paliar as carencias da institución. Asegura que se está a burocratizar máis todo o que ten que ver coa docencia e coa investigación. Non está de acordo co dito por Carla Rey sobre as liñas xerais posto que hai que dicir que non, e engade que o reitor amosa falta de imaxinación e de capacidade para dar solucións aos problemas da universidade. Pazos destaca que a UDC está no furgón de cola no número de profesores por alumno, a universidade de Galicia con peor financiamento. Independentemente da cor dos que mandaban na Xunta, Pazos cre que a UDC está a ser maltratada nos últimos anos e di que para o reitor parécelle que é o natural. Asegura que o equipo de goberno vai deixar a universidade moi mal, cando recolleu unha universidade absolutamente puxante, e deixaron pasar oportunidades de coller titulacións como a de Medicina. Di que o equipo de goberno simplemente acata e cre que se precisa que a UDC sexa máis académica. Valora que o equipo de goberno xa non xera ilusión e que do grupo Nova Luce, de 200 membros, agora só quedan 60, o que amosa certas cousas. Tamén destaca que a universidade nunca tivo tanta conflictividade no PAS, que aparece nos medios de comunicación protestando, cando a situación dos “mandaríns” (sic) do PAS é diferente.

Felipe Fernández, representante do PAS pensa que é evidente que ninguén está de acordo coas restricións impostas pola Xunta e que a cuestión é se, tendo en conta a estreitísima marxe de manobra que ten o equipo de goberno, o que se propón é correcto ou non é correcto. Desde o punto de vista xeral, valora que a situación económica é complicada, pero pensa que é gravísimo o que fai a Xunta co recorte financiamento das

universidades posto que agora hai menos fondos con relación ao produto interior bruto, o que demostra que a argumentación política do goberno da Xunta é, cando menos, disparatada. Pregúntase se entre as universidades e a Xunta hai converxencia ou non, e non fala de converxencia absoluta, senón dunha converxencia mínima. Cre que non pode ser que algunhas institucións gasten os cartos no que queiran e logo se lles premie á hora de financiarlas. Pensa que nese aspecto a UDC foi moi rigorosa. Pregunta se se van cumprir as promocións do PAS que están asinadas. Entende que no futuro no PAS laboral haberá unha nova RPT e reflectir nela o que pasa na realidade. Cita o diario El País do día no que se fala dun recorte adicional dun millón e pico de euros e pregunta se o vicerreitor ten coñecemento disto.

Roi García, representante dos Comités, di que está claro que a universidade pública e de calidade só pode estar baseada nun financiamento público e suficiente, que é o que falta nas liñas orzamentarias. Cre que se trata dun problema de identidade política e quere saber a postura da UDC nesa negociación e a estratexia para conseguir o obxectivo de acadar os niveis de 2009 e 2008 para os próximos anos. Pensa que as tres universidades galegas non se prantaron ante esa comisión negociadora da Xunta. Di que lle gustaría que se concretase o dato de que as bolsas non experimentarían a baixa xeral.

Rafael García, profesor de Dereito, critica os gastos de protocolo, conferencias, comidas, hoteles..., e de se hai algunha forma de fixar unha normativa que limite os gastos sobre todo de cara á percepción social. Pide polo menos un código de conducta.

Juan Font, de Informática, asegura que na documentación non se fai referencia ningunha á residencia que se vai construír no Campus de Elviña e supón porque se debe a que é parte dos orzamentos da Xunta. Quería saber a situación actual do convenio entre a UDC e a Xunta.

Amelia Fraga, de Ciencias da Educación, pide que se priorice o aumento de bolsas e o financiamento de I+D+i para o posicionamento estratéxico da universidade no Espazo Europeo de Educación Superior e quere que se lle explique como se posicionan estratexicamente as tres universidades perante a Xunta de Galicia.

Ricardo García Mira considera que o equipo reitoral ten feito cousas moi boas e mellorado moitas outras. Cre que esta universidade, con todo, non pode quedar mirando para o seu embigo pensando que se fai todo ben, porque os índices din que aínda queda moito por facer, que a UDC está por debaixo de moitas universidades do Estado. García Mira pensa que a UDC pode aproveitar máis os seus activos, coordinar mellor os seus grupos de investigación, acordar iniciativas novas con outras universidades como a do campus de excelencia internacional. Considera que a estratexia da UDC non só pode ser económica, senón científica e, tamén, política, xa que as universidades do Estado estanse a unir para buscar financiamento na Unión Europea. Contesta a Felipe Fernández dicindo que as RPTs téñense que abrir a novas realidades máis que reflectir a

realidade e esta universidade ten que contar con PAS especializado nos novos contexto xa que do contrario sairá máis barato que contratalo a empresas. As titulacións, na súa opinión, teñen que deseñar unha estratexia académica, comunicativa, que ten que mellorar a estratexia actual, facer unha estratexia de implicación do empresariado e de implicación social e captar a inversión privada.

Toma a palabra Teresa López, decana de Filoloxía, que pide reflexión sobre o que se está a discutir no Claustro e sobre as competencias da UDC e da comunidade autónoma. Di que ao Claustro vaise a escoitar o que expón o vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica a respecto do que pode facer a UDC dentro da marxe de manobra da que dispón nun contexto económico difícil cunhas regras de xogo que fixa a Xunta. Salienta que esas regras de xogo din que vai haber un recorte no financiamento das universidades galega. Agradece a exposición clara da situación polo exercicio de transparencia e de participación que supón. Lembra que moitas das decisións que se están tomando son por recorte de servizos públicos. Pregunta a que se refire o plano de sustentabilidade ao que se referiu Ángel Fernández, xa que polo que entendeu trátase de que a universidade presente á comunidade autónoma unha planificación de en que vai gastar o diñeiro que reciba e en función do que lle pareza á Xunta haberá un ou outro financiamento. Iso enténdeo como un claro recorte da autonomía universitaria, algo que nunca se produciu.

Julio Abalde, da Facultade de Ciencias, destaca que se está a tratar de aprobar unhas liñas xerais para que o vicerreitor de Estratexia poida facer o plano de sostibilidade que esixe a Xunta de Galicia para pechar o financiamento universitario, unhas liñas xerais limitadas polo límite orzamentario da Xunta de Galicia para as tres universidades galegas: de aquí ao 2015 hai dous mil millóns de euros a repartir entre as tres universidades, dos que corresponden uns 400 millóns. Felicita ao vicerreitor de estratexia por ser capaz de facer unha planificación sen saber exactamente que parte deses 400 millóns lle corresponden á UDC. Salienta que por un erro da Xunta lle corresponderán á UDC uns 300 mil euros menos do que tiña previsto. Para Abalde, o problema é o financiamento do sistema universitario de Galicia, algo que o Claustro non pode discutir. Segundo el, pídeselle á UDC que faga unha previsión de ingresos e gastos ata o 2015 cando o 75% dos seus ingresos proveñen das partidas da Xunta. Abalde, como o equipo reitoral, acepta as partidas pero porque non queda outro remedio, sen perder de vista a reivindicación que se tería que facer se hai unha mellora económica. Finaliza dicindo que está de acordo con Pazos, porque estaba a UDC mal financiada anteriormente e agora todo o sistema universitario de Galicia vai estar mal financiado. Di que a boa xestión económica do equipo reitoral permitiu que se salven os presupostos dun xeito aceptable.

Toma a palabra Andrés de Blas, que pensa que moita xente non foi ao Claustro porque reflexionou sobre o tema de debate. Quere que o reitor saiba que non tiveron tempo de ler o documento. Lembra que o equipo reitoral chegou ao Claustro de abanderado da transparencia, que o reitor aumentou a frecuencia das reunións claustrais, pero nin

sequera hai as dúas reunións ordinarias do Claustro. Di que no canto de ter sete días para analizar a documentación, teñen 72 horas e que o debate se produce nunha sesión extraordinaria no canto dunha sesión ordinaria. Considera que a situación que expón o vicerreitor non induce ao optimismo e dálle a razón a Alejandro Pazos en que a UDC ponse a si mesma nunha situación aínda máis complicada. Pensa que se estivese na Xunta e vise estas liñas, diría que a UDC lle sobra diñeiro, que lle tiñan que recurtar máis o seu orzamento porque pode aforrar. Cre que a UDC ten a obriga de utilizar todos os recursos dispoñibles.

O reitor responde a Andrés de Blas dicindo que aínda que sexa festivo en Ciencias, pódese consultar internet.

Responde ás intervencións o vicerreitor Ángel Fernández que agradece aos membros do Claustro o ton da discusión.

Ángel Fernández contesta a Xurxo Dopico dicindo que as expectativas futuras do orzamento son preocupantes, pero que non se pechou aínda nada, e por iso di que hai que ser prudentes e reivindicativos. O orzamento público para universidades acadou no 2009 o 0,72% e se anunciou para os próximos anos un mínimo de dous mil millóns de euros, algo que considera absolutamente insuficiente porque suporía unha caída con referencia ao PIB do 0,65% ao longo do período do plano. Na última negociación falábase de acadar un 1,5% de gasto en universidades e un 1,2% do investimento público, non ese 0,65%, algo que di que deixaron ben claro que era insuficiente. Acepta o 2011 como ano excepcional na caída do financiamento, e destaca que ás veces pode ser contraproducente ser extremadamente reivindicativo, malia ser a UDC a máis reivindicativa das tres Universidades galegas. No 2011, di que as universidades teñen un recorte con respecto ao PIB, pero que están a ser mellor tratadas ca outros organismos públicos, sendo un ano aceptable pero totalmente excepcional, co que de cara ao futuro haberá que pelexar por recuperar os niveis de financiamento anteriores.

Agradece o apoio de Carla Rey, pola asunción do acordo nos desacordos, pero neste contexto entende como un eloxio a valoración de que a programación que presenta é razoable dentro do escenario pouco desexable. En canto ás exencións de matrículas, os revisores das contas da UDC están a poñer en dúbida continuamente que as reducións sexan axeitadas segundo Fernández, e ademais son asimétricas. Di que se están a repensar as exencións de matrícula aplicadas aos familiares de empregados da Consellería de Educación.

Responde a Alberto Ramil dicindo que se trata dunhas liñas moi xerais e que non hai referencia a ningunha actuación concreta en ningún centro concreto. Di que con carácter xeral, se non muda o panorama orzamentario, é imposible pensar en grandes obras só co orzamento propio, trátase dunha realidade matemática.

En relación coa intervención do profesor Pazos, non comparte a idea de que todos os anos haxa que obviar o tema do aforro posto que se a UDC non tivese planificado

prudentemente o aforro para o bienio actual non podería facer a ampliación da súa facultade nin o aumento de prazas docentes necesarias para afrontar os retos da adaptación a Boloña. Di que a única posibilidade que había era esa. De feito, asegura, retrasouse un ano a incidencia da crise económica por ese aforro. Non lle gusta a expresión da universidade maltratada, e en calquera caso lamenta que o profesor Pazos culpabilice ao maltratado no canto do maltratador, o que é un reflexo de onde están as súas lealdades, porque noutras universidades hai total unidade na reclamación fronte ao ente financiador maioritario, a Xunta de Galicia. Lémbrale por último que cando non había crise, a converxencia entre as universidades non era politicamente prioritaria.

Contesta tamén a Felipe Fernández dicindo que se cumprirán os compromisos co PAS e co PDI.

Da caída do financiamento mencionada por Julio Abalde, asegura que ten as noticias que saen nos medios de comunicación, aínda que di que non é unha cantidade non moi significativa en canto ao conxunto.

En canto ao posicionamento da UDC, afirma que está a ser a universidade máis reivindicativa, reclamando a converxencia non só de financiamento, senón que tamén reclaman a compensación do déficit histórico de financiamento de infraestruturas da UDC. Di que non ten sentido financiar en relación aos resultados cando se ten un 70% menos de financiamento, por exemplo. Fala de que hai expectativas moi moderadas de converxencia no financiamento corrente. Non sería realista esixir para 2011 a equiparación do financiamento por alumno das tres universidades porque sería un movemento demasiado forte nun só ano, pero a equipa rectoral quere xestos realistas que indiquen o sentido do avance.

Ángel Fernández fala dos gastos de protocolo, insistindo nos importantes xestos de austeridade que se fixeron nas partidas dos servizos centrais durante o exercicio de 2010. O ano pasado comprometeuse a baixar os gastos de protocolo do 0,35% ao 0,30%, e foron cantidades insuficientes mesmo para as atencións ordinarias. Entende que si se produce algún gasto moi significativo normalmente dispón de financiamento alleo. Poderíase pensar en medidas de control internas nos centros de gasto que en nova normativa, porque a partida de protocolo aínda que pode ter unha relevancia moral, non é unha partida relevante que supoña un aforro potencial importante.

Fernández asegura que a residencia universitaria está financiada completamente pola Xunta de Galicia. A UDC fixo todo o que se lle pediu, e permanecemos agardando a adxudicación por parte da Xunta.

No referente ao compromiso en materia de bolsas, Ángel Fernández di que é mellor mirar cara atrás para comprobar se ese compromiso é real ou non: en todos os orzamentos estanse a tratar mellor que o conxunto do orzamento.

Cualifica de enriquecedoras as reflexións que fai Ricardo García Mira sobre a necesidade de estratexias de cooperación entre as universidades galegas, que é a postura

da UDC. Na opinión de Fernández, non pensa que o contexto non é o máis favorable, posto que o sistema non fomenta a unión.

No relativo ao exposto por Teresa López sobre o plano de sustentabilidade, Fernández está de acordo con ela en que é o ataque máis serio que coñece contra a autonomía universitaria, xa que na práctica a parte sustancial dos orzamentos da UDC ten que ser aprobada pola Xunta. Parécelle inoportuno e inxusto que se esixa isto á UDC co financiamento que ten e coa traxectoria de xestión económica que ten. Lendo os planos de sostibilidade hai unha especie de culpabilización das universidades, posto que a liña é primeiro preguntar “¿que fixeron vostedes para chegar a isto?” e despois “¿que van facer para corrixilo?”. Di que a UDC chegou a esta situación porque o financiamento público é o máis baixo do Estado, e para solucionalo bastaría con que se equilibre o financiamento.

Fernández explícalle a Andrés de Blas que se tivera entrado a tempo na sesión aforraríase a súa reprimenda, porque xa explicou ao comezo da sesión que foron as negociacións da Xunta as que nos obrigaron a xestionar uns prazos moi breves de convocatoria: o xoves pasado foi cando se tivo a última reunión para negociar o financiamento coa Xunta, co que non era lóxico ter unha sesión do Claustro antes desta reunión. Ademais do calendario do proceso electoral en curso, que tamén condicionou as datas de celebración do Claustro.

O reitor abre unha segunda quenda de intervencións antes da votación.

Alejandro Pazos cre que o vicerreitor foi inxusto con algunhas persoas na súa contestación. Asegura que á UDC a tratan mal non só nos orzamentos e que o que presenta o equipo reitoral é un exercicio de literatura de fantasía porque non saben o que hai nin o que non vai haber. Pazos considera que se malgastaron moitos cartos neste tempo, pon como exemplo o edificio de Informática que xa no vale, entre outras cousas.

Toma a palabra o profesor Casabella. Suxírelle ao vicerreitor que a UDC non ten que supeditar todas as súas carencias a problemas externos, aínda que sexa un recurso fácil botarlle a culpa a outro. Tamén cre que a universidade ten unha carencia do proceso de internacionalización, xa que moitas universidades fan captación de recursos a nivel europeo. Salienta a fusión de Económicas e Empresariais, moi positiva, aínda que bota de menos que siga o mesmo persoal no centro malia a fusión no canto de ir a outros centros. Reclama transparencia nas RPTs, quere que non se cociñen en espazos tan pechados. Pensa que se pode mellorar a política de traslados da universidades, posto que na UDC para ascender no posto de traballo hai que vir á Reitoría. Reclama que se abran as bibliotecas os sábados en horarios de noite. Di que non se trata ás veces de gastar máis, senón de mellorar o funcionamento.

Andrés de Blas pide desculpas por chegar tarde ao Claustro. Destaca a reiteración de incumprimentos do regulamento do Claustro, que puntualmente non teñen importancia, pero que de forma reiterada si. Quere devolverlle ao Claustro a súa importancia e

debater temas como o derivado do Pacto de Boloña, do que non se lle adicou nin un minuto. Salia que para poder debater precisan dispor da información previamente para que as sesións non sexan un monólogo.

Julio Abalde di que non se pode discutir a razoabilidade da convocatoria, visto o calendario das reunións coa Xunta, e agradece a presenza dos claustrais.

Contesta o vicerreitor Ángel Fernández dicindo que tal vez se o seu ton non foi o adecuado débese á cuestión persoal de estar a negociar coa Xunta e ao mesmo tempo preparar a exposición ao Claustro, pero o que si non acepta é que lle acusen de falta de transparencia. En canto ao termo maltrato, Fernández insiste en que non hai que culpabilizar ao equipo de goberno senón a quen non dá o financiamento. Destaca que as bolsas relacionadas coa internacionalización terán un trato preferente. Fala da fusión de Económicas e Empresariais, pero non hai que dar a mensaxe de que a quen racionaliza se lle penaliza.

Unha vez rematada a segunda quenda de intervencións, o Reitor pide ao Claustro o seu apoio a estas liñas xerais para reforzar a posición da UDC nas negociacións do financiamento universitario, e dá paso á votación, que arroxa o seguinte resultado:

Votos a favor: 68

Votos en contra: 9

Abstencións: 9

Tras seren aprobadas polo Claustro as *Liñas xerais da programación plurianual e orzamentaria 2011-2013* que figuran no **anexo II**, o reitor agradece aos presentes a súa presenza e ergue a sesión ás 13:25 horas.